



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A publicar no Perfil de Contratante, artigo 63.3 a da LCSP

Esta memoria xustificativa redáctase en cumprimento do artigo 116, (en relación co artigo 28), Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, (BOP núm. 272 do 09/11/2017), (en diante LCSP), e o artigo 73.2 do Real decreto 1098/2011, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (en diante RXLCAP), (BOE núm. 257 do 26/10/2001).

1.- Situación actual

1.1 Descrición da situación actual

A dispersión da poboación municipal en máis de 135 núcleos obrigou a crear unha malla de itinerarios cuxo acondicionamento e conservación é fundamental para manter o patrimonio viario.

A intervención en núcleos e rúas cuxo pavimento de rodaxe atópase nun estado de deterioración importante nalgúns puntos como consecuencia dun escaso mantemento do mesmo e o paso continuo de vehículos, que se agrava nas zonas rurais polo paso de maquinaria agrícola e industrial e vehículos pesados.

As obras que constan no proxecto atópanse situadas no lugar de Sabaceda, parroquia de Bazar, (San Mamede), e no acceso norte ao cemiterio de Santa Comba, parroquia de Santa Comba, (San Pedro), neste municipio.. Trátase de tres camiños xa existentes, sobre os que se pretende a mellora da capa de rodaxe actual, e os viarios existentes.

1.1.1 Obxectivos que se pretende alcanzar co contrato

- Aumentar a seguridade viaria nas estradas e rúas municipais, reducindo o número de accidentes e a súa gravidade.
- Mellora de accesos a parroquias e lugares.
- Mellora da viabilidade e seguridade na circulación, en especial dos peóns, en particular naqueles lugares máis transitados ou con estradas estreitas que dificultan a normal circulación de vehículos e peóns.
- A mellora do nivel de vida dos cidadáns da municipio, reducindo os seus tempos de desprazamento coas mellores garantías de seguridade.
- Articular o territorio mellorando a súa accesibilidade, corrixindo os desequilibrios territoriais e potenciando as melloras nos itinerarios das parroquias e lugares máis desfavorecidas.
- A circulación dos vehículos na infraestrutura existente en condicións axeitadas de seguridade e fluidez.
- Evitar a responsabilidade patrimonial por accidentes no viario municipal.

1.1.3 As razóns que motiva a necesidade



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

1. A mellora do firme infraestrutura viaria nos lugares e accesos ou rúas municipais xa que soportan un importante volume de vehículos, tractores, camións e autobuses. maquinaria agrícola, gandeira e industrial.
2. A mellora en estradas primordiais e máis importantes no viario municipal.
3. Realizar obras financeiramente sostibles nas principais arterias viarias municipais cun estado de deterioración importante e con evidentes problemas para a seguridade viaria e peonil.
4. Conservación da rede municipal dotándoa dun firme axeitado, reforzando ás xa existentes cando sexa necesario e as dispoñibilidades económicas o permitan a fin de impedir a descapitalización da rede.
5. A redución do déficit en servizos e equipamentos detectados na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local.
6. Conservación e mantemento da rede nun estado aceptable, para o que se deberán establecer as medidas e investimentos adecuados de conservación e explotación.
7. Evitar a responsabilidade patrimonial por accidentes no viario municipal.
8. Consegur unha máxima homoxeneidade na rede municipal en canto a características físicas, interseccións, sinalización e firme, de modo que se adquiera unha mellor comodidade e unha máxima seguridade.
9. Articular o territorio mellorando a súa accesibilidade, corrixindo os desequilibrios territoriais e potenciando as melloras nos itinerarios das parroquias e lugares máis desfavorecidas.

1.1.4 Descrición das obras

2.- Obxecto do contrato e cualificación do contrato

<i>Cualificación (artigo 13 da LCSP)</i>	Contrato de obras
<i>Denominación (artigo 99 da LCSP)</i>	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba
<i>CPV</i>	45000000-7 Traballos de construción 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas 45233221-4 Traballos de pintura da superficie da calzada
<i>Plan provincial da Deputación da Coruña</i>	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos).(Plan único de concellos) POS+ 2024. Anualidade 2024 (en diante POS+2024)
<i>Persoa redactora do proxecto</i>	Manuel Rodríguez Mourelle, arquitecto
<i>Colexiado núm.</i>	5096
<i>Orzamento de contrata</i>	62157,04 € (21 % engadido)
<i>Prazo de execución</i>	3 meses
<i>Data do proxecto</i>	febreiro de 2024
<i>Aprobación do proxecto</i>	Pleno da Corporación municipal en sesión do 08/02/2024
<i>Aprobación do Plan</i>	Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión do 31/05/2024



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

Informes técnicos necesarios: foron consultadas as características técnicas de diversos equipamentos que existen no mercado que cumpren os requisitos e características esixidos para tramitar a axuda coa Deputación provincial da Coruña (POS+2024).

a) O prezo de licitación do contrato determinouse en función do prezo total previsto no proxecto de execución das obras, aprobado pola Administración.

b) O prezo da obra, IVE excluído, baseouse na multiplicación do número de unidades a executar incluídas no proxecto polos prezos unitarios de cada unidade de obra. A suma total do importe así obtido increméntase cun 13 %, en concepto de gastos xerais e un 6 %, en concepto de beneficio industrial.

c) O prezo final da obra para abonar o adxudicatario determinarase en función das unidades realmente executadas conforme o proxecto e con aplicación do coeficiente de baixa que resulte da adxudicación do contrato.

1.2 Marco normativo

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (BOE núm. 80 do 03/04/1985), (en diante LBRL).
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997), (en diante a LALGA).
- Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 158 e as disposicións adicionais segunda, terceira e décimo quinta da LCSP.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, (BOP núm. 118 do 15/05/2009).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (artigos vixentes logo da entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio), (BOP núm. 257 do 26/10/2001).
- As Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos).(Plan único de concellos) POS+ 2024. Anualidade 2024, que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña na sesión realizada o 24/11/2023 e publicadas no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 227 de 28/11/2023.
- Os pregos de cláusulas administrativas particulares, (en diante o PCAP), referente ao procedemento aberto aberto (*con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática*), que aprobou a o Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión realizada o 26/2/2021 (BOP núm. 42 do 4/3/2021).
- As circulares e instrucións da Deputación provincial da Coruña referentes a este plan.

2.- A necesidade, a idoneidade e a eficiencia na contratación (artigo 28.1 da LCSP)

2.1.- A necesidade desta contratación consta no proxecto técnico.

2.2.- A finalidade fundamental que se persegue é o cumprimento e a realización dos fins municipais que sinalan os artigos da Lei de bases de réxime local e a Lei de administración local de Galicia como competencias propias e dos servizos mínimos:

A LBR:

- o artigo 25.1 da LBRL e o artigo 80.1 da LALGA: *promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.*
- o artigo 25.2 da LBRL:



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

- d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
- o artigo 26.1.a da LBRL fala dos servizos que os municipios deben prestar, en todo caso:
 - *En todos os municipios, alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiros, acceso ós núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

A LALGA:

- o artigo 80.2.d da LALGA: *os parques e xardíns, a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais*
- o artigo 81 da LALGA: *abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación e conservación das vías públicas.*

Para cumprir cos obxectivos das competencias é necesario realizar as actuacións de reforma (o concepto xeral de reforma abrangue o conxunto de obras de ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente), que constan no proxecto redactado para o efecto.

2.4.- Os obxectivos específicos do contrato constan na xustificación técnica do proxecto.

2.5.- Insuficiencia de medios (artigo 30.3 da LCAP).

Este concello non dispón de medios persoais nin materiais suficientes para poder abordar a execución dos traballos que son obxecto deste contrato, os cales exceden as tarefas de conservación e reparación que realiza a brigada municipal de Obras, polo que é necesaria a externalización destes traballos.

2.6.- A contratación deste investimentos mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente para conseguir os fins municipais, sendo máis eficiencia a externalización que a ampliación dos medios materiais e humanos por parte do concello.

Por tanto, na contratación que se promove cúmprese cos principios de necesidade, idoneidade e eficiencia establecidos pola LCSP.

3.- Procedemento

3.1.- A elección do procedemento de licitación.

O procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, non suxeito a regulación harmonizada.

b) A xustificación da elección do procedemento:

- O contrato da obra non está suxeito a regulación harmonizada xa que logo o valor estimado non é igual ou superior a 5.538.000 € (artigo 20.1 da LCSP).
- A adxudicación realizarase, ordinariamente, usando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor calidade-prezo, ao abeiro dos artigos 131, 156 e seguintes da LCSP, e usando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido (artigo 131.2 da LCSP).
- A escolla do procedemento aberto se motiva por ser un dos procedementos ordinarios establecidos pola Lei, xunto co restrinxido, e por ser o que goza de máis transparencia e atrae unha maior concorrencia competitiva. Procúrase cumprir os principios que se establecen no artigo 1.1 da LCSP.



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

- No procedemento aberto todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).
- Non se atende única e exclusivamente ao prezo máis baixo. A adxudicación dos contratos ser realizará usando unha pluralidade de criterios de adxudicación na base da **mellor relación calidade-prezo** (artigo 145 da LCSP).
- A mellor relación calidade-prezo se avaliará de acordo a criterios económicos e cualitativos (artigo 145.2 da LCSP).
- *Non existe impedimento legal algún para que se establezan parámetros obxectivos que afecten a criterios dependentes dun xuízo de valor. A finalidade que persegue a norma que suxeita a unha presunción de anormalidade a determinadas proposicións dos licitadores non é outra que a de garantir que aquelas son viables en canto á súa execución en caso de resultar adxudicatarias. Resulta evidente que a condición extremadamente baixa do prezo pode producir esta circunstancia, pero tamén é certo que a oferta pode converterse en inviable, por exemplo, como consecuencia dunha proposta non asumible desde o punto de vista técnico.*
Por tanto, a valoración de viabilidade da oferta, no caso de diferentes criterios de adxudicación, debe referirse a varios deles, os máis relevantes e que permitan ter unha visión obxectiva e completa do problema da viabilidade do cumprimento do contrato.
Finalmente, se esa visión de conxunto refírese a unha licitación na que teñen un peso relevante os criterios suxeitos a un xuízo de valor, por exemplo no aspecto técnico ou de calidade da proposición, non cabe dúbida de que o mandato expreso do lexislador de referir os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta considérese anormal á oferta considerada no seu conxunto esixe incluír os criterios suxeitos a xuízo de valor na análise (Informe da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, expediente 113/18).
- A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos contratos nos que o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no prazo de execución (artigo 145.3.b da LCSP).
- O prego de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), que se usará obrigatoriamente, foi aprobado polo Pleno da Deputación provincial da Coruña, en sesión do 26/2/2021 (BOP núm. 42 do 4/3/2021), xa que logo a obra está incluída nun plan provincial e foi delegada a contratación neste concello. Nos pregos mencionados se determinan uns criterios de adxudicación e a valoración que realizarán os órganos de contratación municipais.

c) A tramitación: ordinaria.

Para os efectos do cumprimento dos principios de publicidade, concorrência e competitividade, o procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, anunciarase no Perfil de Contratante municipal (artigo 156.6 da LCSP e a cláusula 10 PCAP).

3.2.- A clasificación esixida aos licitadores.

Non se esixe a clasificación de contratistas, tendo en conta o valor estimado deste contrato de obras, ao abeiro do artigo 77.1 da LCSP e o artigo 11 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, (RXLCAP), **ao ser o valor estimado do contrato inferior a 500.000 €.**

A clasificación para acreditar/substitúe a solvencia:

GRUPO A (Movimiento de tierras y per.)	SUBGRUPO 1 (Desmontes y vaciados)
	2 (Explanaciones)
GRUPO G (Viales y pistas)	SUBGRUPO 4 (Con firmes de mezclas bituminosas)
	5 (Señalizaciones y balizamientos viales)



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

4.- Valor estimado do contrato (artigo 101 d LCSP)

4.1.- Valor estimado do contrato

Prezo do contrato		Financiamento e retención de crédito	
Valor estimado	51369,45	Estado	0
IVE (21 %)	10787,59	Xunta de Galicia	0
Orzamento base de licitación	62157,04	Deputación A Coruña	62157,04
		Fondos propios	0
Partida orzamentaria	454 61900	Retención de crédito	24/07/2024
Núm. Operación	220240003011	Referencia núm.	22024000759

A financiación deste contrato se realiza con aportacións de distinta procedencia.

No expediente acredítase a plena dispoñibilidade de todas as aportacións.

Non se inclúe unha garantía para a súa efectividade, xa que logo quedan exonerados da constitución de garantía, salvo previsión expresa en contrario nas bases reguladoras, as administracións públicas, os seus organismos vinculados ou dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal, así como análogos entidades das comunidades autónomas e das entidades locais (artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións -BOE núm. 176 do 25/07/2006-).

4.2.- Incidencia na sostibilidade financeira

Verbo do principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial, fago constar:

a) En canto á débeda financeira, se foi necesario formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida; se a mesma cumpre o principio de prudencia financeira e, por último, o volume de débeda viva que xera xunto co resto de operacións vixentes da Corporación: **Non foi necesario.**

b) En relación coa débeda comercial, debe analizarse se os compromisos de gasto xerados por esta contratación fanse cumprimento o período medio de pago a provedores e as disposicións previstas no Plan de Tesouraría da entidade: **Non se prevén incidencias negativas neste senso, polo que se prevé o normal cumprimento das obrigas municipais neste ámbito.**

c) As repercusións e efectos económicos que xerará o contrato proposto, tanto durante a súa execución como durante toda a vida útil da obra, subministración ou servizo obxecto do mesmo, en base á valoración dos gastos futuros ou colaterais aos que de lugar, entendidos como tales os custos de mantemento, seguros, conservación, desmonte, etc.:

Non se prevén maiores aumentos deste tipo de custo verbo dos actuais.

d) A capacidade de financiamento da entidade para facer fronte a eles a longo prazo, independentemente da duración do contrato obxecto de análise. En caso de supor a asunción de débeda financeira, deberá analizarse se dita débeda atópase debidamente estruturada, quedando garantido que a entidade pode facer fronte aos pagos xerados:

Faise constar que non se prevén especiais dificultades para a mesma e que de acordo cos datos que constan no expediente referente queda garantido que o concello pode facer fronte as pagos xerados.



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

4.3.- Incidencia na estabilidade orzamentaria

O gasto previsto atópase recollido no orzamento inicial polo que cumpre o principio de estabilidade orzamentaria.

As repercusións e para os efectos económicos se atopan supeditados ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de maneira que os gastos teñen cabida nos correspondentes orzamentos futuros da entidade e son compatibles cos posibles plans de axuste ou económico-financeiros que a entidade puidese ter en vigor.

4.4.- Revisión de prezos

A duración da obra é inferior aos dos anos polo que non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e por iso non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

5- Decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato (de ser o caso)

Este investimento debe ser adxudicado a un único licitador, sen posibilidade de división en lotes, de acordo coas Bases reguladoras do POS+2024, aprobadas polo Pleno da Deputación provincial da Coruña en sesión realizada o 24/11/2023 (BOP núm. 227 do 28/11/2023 e co contido dos anexos preceptivos presentados por este concello no organismo provincial para cada investimento.

O alcalde no decreto núm.: 200/2024 do 08/02/2024, logo de xustificar os motivos e baseado nos informes técnicos, resolveu non dividir en lotes o obxecto do contrato, que se xustifican en motivos válidos que se establecen no artigo 99.3.b da LCSP.

O contrato desta obra non se executará por lotes.

a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato implique o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Para os efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación da devandita circunstancia.

b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

Ambos os extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO

3 meses

7.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS

Non se precisan autorizacións sectoriais.

8.- OUTROS DATOS DE INTERESE



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

Obra engadida no POS+2024 da Deputación provincial da Coruña. O modelo de cartel de obra.

		Modelo de cartel obras POS https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/modelo-cartel-obra/
--	--	---

9.- RESUMO DO ORZAMENTO DA OBRA

Proxecto: PROXECTO MEJORA DE CAPA DE RODADURA EN EL NUCLEO DE SABACEDA, Y ACCESO NORTE AL CEMENTERIO DE SANTA COMBA

Capítulo	Importe
1 OBRA	
1.1 CAMINO A: NÚCLEO DE SABACEDA	
1.1.1 MOVIMIENTO DE TIERRAS .	6.666,15
1.1.2 PLUVIALES .	1.310,90
1.1.3 AFIRMADO Y TRATAMIENTOS ASFÁLTICOS .	4.432,81
1.1.4 TRATAMIENTOS ASFÁLTICOS .	20.028,45
1.1.5 SEÑALIZACION .	871,74
Total 1.1 CAMINO A: NÚCLEO DE SABACEDA	33.310,05
1.2 CAMINO B: ACCESO NORTE AL CEMENTERIO DE SANTA COMBA	
1.2.1 MOVIMIENTO DE TIERRAS .	408,00
1.2.2 AFIRMADO .	1.434,30
1.2.3 CAPA DE RODADURA .	5.687,50
1.2.4 SEÑALIZACION .	455,67
Total 1.2 CAMINO B: ACCESO NORTE AL CEMENTERIO DE SANTA COMBA	7.985,47
Total 1 OBRA	41.295,52
2 IMPREVISTOS .	430,12
3 SEGURIDAD Y SALUD	
3.1 INSTALACIONES DE BIENESTAR .	219,85
3.2 SEÑALIZACION .	127,75
3.3 PROTECCIONES COLECTIVAS .	143,32
3.4 EPI .	70,18
3.5 MANO DE OBRA DE SEGURIDAD .	130,87
Total 3 SEGURIDAD Y SALUD	691,97
4 GESTION DE RESIDUOS .	400,00
5 CONTROL DE CALIDAD .	350,00
Presupuesto de ejecución material	43.167,61
13% de gastos generales	5.611,79
6% de beneficio industrial	2.590,05
Suma	51.369,45



Expediente núm. Código de obra	Obra
2024/A003/000007 24.2000.0246.0 POS+2024	Mellora de capa de rodaxe no núcleo de Sabaceda, e acceso norte ao cemiterio de Santa Comba

Proyecto: PROYECTO MEJORA DE CAPA DE RODADURA EN EL NUCLEO DE SABACEDA, Y ACCESO NORTE AL CEMENTERIO DE SANTA COMBA

Capítulo	Importe
21% IVA	10.787,59
Presupuesto de ejecución por contrata	62.157,04

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata a la expresada cantidad de SESENTA Y DOS MIL CIENTO CINCUENTA Y SIETE EUROS CON CUATRO CÉNTIMOS (62.157,04 Euros).

CONCLUSIÓN

Considero que esta memoria xustificativa especifica a insuficiencia de medios, a necesidade da contratación, o obxecto e as características do contrato así como o custe do mesmo.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)